

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA**

Capítulo:

Epígrafe:

(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")

**SUMARIO:**

***Orde do \_\_\_ de 2017 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.***

**TEXTO:**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pretende fomentar a colaboración das empresas no desenvolvemento da formación profesional do sistema educativo, co obxecto de adecuar as ensinanzas dos ciclos formativos ás necesidades específicas de formación que demandan as empresas.

O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, regula, entre outras cuestiós, determinados aspectos da formación profesional dual, que combina os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

A disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e as entidades empresariais e, en particular, coas más implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emergentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación

profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos propios da actividade, así como a actualización profesional.

A Orde do 12 de xullo de 2011 regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Na súa virtude, co fin de pór en funcionamento proxectos de formación profesional dual de carácter experimental en colaboración con diversas entidades, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

## DISPÓN:

### *Artigo 1. Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto a autorización e a implantación de proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional polo réxime de persoas adultas en centros educativos, en colaboración con diversas entidades (código de procedemento ED513A). Estes proxectos combinan os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.
2. A relación de centros educativos, ciclos formativos e entidades colaboradoras nas que se autorizan os proxectos de formación profesional dual establecése no anexo II.
3. A distribución de módulos para cada ciclo formativo e curso escolar establecése no anexo III.

### *Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes*

Para poderen acceder a estes proxectos de formación profesional dual, as persoas aspirantes deberán cumplir o seguinte:

- a) Ter entre dezaoito anos (ou facelos no ano natural en que comece o ciclo formativo) e vinte e nove anos no momento de inicio do ciclo formativo.
- b) Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos establecidos no artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora educativa, ou na disposición adicional terceira desta última lei, para poder matricularse en todos os módulos profesionais do ciclo formativo correspondente, e que se detallan no modelo de solicitude, no anexo I desta orde.

c) Carecer da cualificación profesional obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.

d) Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumplir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.

e) Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

#### Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación de solicitude*

1. Cada solicitante presentará unha única solicitude, utilizando o formulario normalizado do anexo I, que se entregará nun dos centros que figuran no anexo II e irá dirixida á dirección do centro educativo.
2. Se a persoa solicitante presenta máis dunha solicitude ou solicita máis dun proxecto, non se terá en conta a súa petición.
3. Este modelo de solicitude estará dispoñible na Guía de procedementos e servizos, no enderezo <https://sede.xunta.gal>, nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.
4. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día 22 de xuño ata as 13.00 horas do día 30 de xuño de 2017.

#### Artigo 4. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:
  - a) Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.
  - b) No caso de non ter realizados os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso, ou o certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo ou da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
  - c)Curriculum co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo <https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>.

Non cumplirá achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estos efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo

presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste na solicitude a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, en ausencia desta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria presentarase nalgún dos centros educativos que figurán no anexo II.

#### *Artigo 5. Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos no documento de identidade (DNI ou NIE) da persoa solicitante.
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos.
3. Excepcionalmente, no caso de que algúna circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### *Artigo 6. Procedemento de admisión e matrícula*

1. O procedemento de admisión realizarase en dúas fases:

a) Na primeira fase, o centro educativo, logo de analizar a documentación presentada e verificar os requisitos das persoas solicitantes, fará pública no taboleiro de anuncios, no prazo máximo dun día hábil desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a relación provisional de persoas solicitantes, ordenada alfabeticamente, con indicación do requisito de acceso ao ciclo formativo.

Esta publicación realizarase, así mesmo, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Contra esta listaxe, o alumnado solicitante poderá presentar ante a dirección do centro a correspondente reclamación no prazo de dous días hábiles desde tal publicación.

Logo de resolver as reclamacións presentadas, no prazo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de presentación de reclamacións, publicarase no taboleiro de anuncios do centro educativo e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>

a listaxe coa relación definitiva de persoas solicitantes. Así mesmo, o centro educativo procederá na mesma data ao envío da devandita listaxe á entidade colaboradora.

b) Na segunda fase, a entidade colaboradora, a partir da listaxe facilitada polo centro educativo, seleccionará as persoas que teñan o perfil que mellor se adapte ás características da actividade propia da empresa, que non poderán exceder o número máximo de alumnado a que se refire o punto 1 do artigo 7 desta orde. A empresa comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal da empresa xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección poida garantir que se cubra o número mínimo de prazas que a empresa se comprometa a acoller nas súas instalacións.

O período de selección das persoas por parte da empresa rematará o día 12 de xullo.

Finalizado o período de selección, no seguinte día hábil, o centro educativo publicará no taboleiro de anuncios a listaxe de persoas admitidas, a listaxe de persoas en espera ordenadas por orde de prioridade e a listaxe de persoas non seleccionadas.

Esta publicación realizarase, así mesmo, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.es/fp>.

2. A partir do seguinte día hábil desde a publicación das listaxes a que se refire o punto anterior e ata o día 21 de xullo, as persoas admitidas deberanse matricular na secretaría do centro correspondente.
3. A publicación de calquera listaxe do procedemento de admisión terá os mesmos efectos cá notificación, segundo se establece no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
4. Contra a relación definitiva de solicitantes a que se refire o punto 1, alínea a), e contra as listaxes de persoas admitidas a que se refire o punto 1, alínea b), as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada, no prazo máximo dun mes, ante a persoa titular da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

#### *Artigo 7. Prazas ofrecidas e número mínimo de solicitudes de matrícula*

1. O número máximo de alumnos e alumnas con matrícula no proxecto experimental de

(NON ESCRIBIR AL DORSO)

A4 (210x297) UNE

formación profesional dual será o establecido nos convenios subscritos entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade colaboradora correspondente; en todo caso, será como máximo de trinta alumnos/as por ciclo formativo.

Os convenios poderán ser consultados no enderezo <http://www.edu.xunta.es/fp/convenios-dual>.

2. A autorización da oferta do proxecto experimental de formación profesional dual quedará condicionada a que exista un número mínimo de doce persoas seleccionadas. Un número menor de persoas seleccionadas exixe a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para pór en funcionamento este proxecto experimental de formación profesional dual, e mentres que non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar matrícula ningunha.

#### *Artigo 8. Obxecto e modalidade de desenvolvemento da formación profesional dual*

1. Os proxectos experimentais de formación profesional dual desta orde realizanse consonte o establecido no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, e teñen por obxecto a cualificación profesional dos traballadores e das traballadoras nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa recibida no marco do sistema educativo.
2. A actividade formativa inherente a estes proxectos será a necesaria para a obtención do título de técnico ou técnico superior correspondente, sen prexuízo de poder incluír formación complementaria para dar resposta tanto ás necesidades do alumnado como ás necesidades das empresas.
3. Estes proxectos de formación profesional dual desenvolveranse, consonte o establecido no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, a través da modalidade de formación compartida entre o centro educativo e a empresa, que consiste en que a empresa facilite os espazos, as instalacións e/ou as persoas expertas para impartir parcialmente determinados módulos profesionais. No centro educativo, os módulos profesionais serán impartidos polo profesorado do corpo de catedráticos e catedráticas de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no currículo correspondente.

#### *Artigo 9. Plan de formación e aprendizaxe*

1. Estes proxectos de formación profesional dual terán unha duración como máximo de

tres anos e impartiranse de acordo coa distribución de módulos do anexo III para cada ciclo formativo e curso escolar.

2. Estes proxectos incorporarán, entre outros aspectos, a programación para cada un dos módulos profesionais consonte o establecido no artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, que recollerá as actividades que cumpra realizar no centro educativo e na empresa, así como o calendario, a xornada e os horarios en que se realizará a actividade laboral na empresa e a correspondente actividade formativa.
3. A distribución da formación curricular, a distribución global do proxecto, a temporalización dos módulos profesionais, a adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia e a especificación das horas de formación que se realizarán no centro educativo e na empresa para cada módulo profesional, están recollidas en cada uns dos convenios subscritos entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade colaboradora correspondente. Os convenios poderán ser consultados no enderezo <http://www.edu.xunta.es/fp/convenios-dual>.

#### *Artigo 10. Titoría e desenvolvemento da formación*

1. A entidade colaboradora designará unha persoa como titor ou titora que, entre outras cousas, será responsable do seguimento da actividade formativa e da comunicación co centro de educativo.
2. O centro educativo designará unha persoa como titor ou titora do grupo de alumnado que, ademais das funcións que se establecen no artigo 21 da citada Orde do 12 de xullo de 2011, será responsable da coordinación do equipo docente e será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento da actividade formativa.
3. A actividade formativa na empresa e no centro educativo será coordinada polos titores e as titoras mediante reunións de control cunha frecuencia mínima mensual, nas cales se realizará o seguimento de cada alumno ou alumna.

#### *Artigo 11. Avaliación*

1. A avaliación do alumnado será responsabilidade do profesorado dos módulos profesionais do centro educativo, tendo en conta as achegas das persoas expertas da empresa e o resultado das actividades desenvolvidas nesta. A valoración do grao de consecución dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo

farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para cada módulo profesional.

2. Ao longo do período formativo correspondente, o profesorado de cada módulo realizará un seguimento do desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe de conformidade co artigo 23 da citada Orde do 12 de xullo de 2011, utilizando para iso os instrumentos e os procedementos de recolla de información previamente establecidos na programación dos módulos. Para tal fin, poderase establecer un plan individualizado por alumna ou alumno.
3. A avaliación final de módulos de cada ano do proxecto corresponderase sempre co remate do período formativo dos módulos realizados no centro educativo e na empresa.

*Artigo 12. Módulo de formación en centros de traballo*

Cando finalice o proxecto de formación profesional dual, o alumnado que superase todos os módulos profesionais do ciclo formativo correspondente que componen o proxecto quedará exento da realización do módulo de formación en centros de traballo.

*Artigo 13. Continuidade no proxecto de formación profesional dual por parte do alumnado*

1. Para poder continuar no proxecto de formación profesional dual, o alumnado seleccionado deberá superar a totalidade dos módulos profesionais do ciclo formativo correspondente previstos para cada curso académico segundo o plan de formación que se establece no anexo III desta orde. Non obstante, poderase continuar sen cumplir o anterior requisito por razóns debidamente motivadas e con autorización da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
2. Así mesmo, o alumnado será excluído do proxecto de formación dual nos seguintes casos:
  - a) Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
  - b) Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.
  - c) Para o alumnado con contrato de formación e aprendizaxe, pola extinción do contrato por calquera das causas que se establecen no artigo 13 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.
3. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o artigo 32 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, articulará as medidas necesarias para que ao alumnado que non supere algún módulo e non sexa excluído do proxecto por algún dos

casos recollidos nas alíneas a) e b) do punto anterior, se lle facilite a continuación das ensinanzas do ciclo correspondente.

4. O alumnado que cumpra as condicións para continuar no proxecto nos cursos seguintes terá praza garantida e deberá entregar a solicitude de reserva para cada curso académico no prazo ordinario establecido na normativa.

5. Coa solicitude entenderase que o alumnado solicita a matrícula na totalidade dos módulos ofrecidos, segundo o plan de formación que se establece no anexo III desta orde. No derradeiro curso do proxecto, ademais destes módulos, o alumnado deberase matricular do módulo de Formación en centros de traballo e, no caso dos ciclos de grao superior, do módulo de Proxecto.

#### *Artigo 14. Módulo de Proxecto dos ciclos formativos de grao superior*

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora do módulo de Proxecto dos ciclos formativos de grao superior, este módulo profesional desenvolverase durante o derradeiro ano dos proxectos de formación profesional dual.

#### *Artigo 15. Módulos profesionais xa superados ou validados*

1. O alumnado que superase ou validase un módulo profesional do ciclo formativo solicitado por ter realizado outro ciclo formativo ou ter acreditada alguma unidade de competencia deberá asistir á totalidade das actividades, profesionalizadoras ou formativas, que cumpra realizar na empresa.

2. En materia de validacións atenderase ao establecido na súa normativa reguladora.

#### *Artigo 16. Comunicación á inspección*

A dirección do centro educativo, quince (15) días antes do inicio da actividade formativa nas empresas, remitirá aos servizos de inspección educativa das respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha copia do convenio de colaboración, a relación do alumnado matriculado no ciclo formativo e o nome da empresa onde vai realizar a súa formación. Os servizos de inspección trasladarán esta información á Inspección de traballo.

Utilizarse o mesmo procedemento para comunicar as baixas ou posibles modificacións do alumnado na empresa.

#### *Artigo 17. Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de

carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Alumnado, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta mesma secretaría xeral técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 - Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxfp@edu.xunta.es](mailto:sxfp@edu.xunta.es)

#### *Artigo 18. Modelos normalizados de formularios*

Para calquera outro trámite distinto da presentación da solicitude, a sede electrónica da Xunta de Galicia ten ao dispor das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites más comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### *Disposición adicional primeira. Prazas ofrecidas polo réxime de persoas adultas*

Unha vez rematado o proceso de matrícula nos ciclos formativos no período extraordinario de setembro, no caso que o centro educativo teña autorizados os mesmos módulos polo réxime para as persoas adultas que os autorizados no proxecto de formación profesional dual, poderanse adxudicar prazas polo réxime de persoas adultas, ata completar o número máximo de prazas que se ofrecen con carácter xeral para este tipo de ensino, ás persoas da listaxe de espera coa orde de prioridade establecida. Estas persoas recibirán a formación dos módulos profesionais do ciclo formativo exclusivamente no centro educativo co mesmo itinerario de formación que o establecido para o proxecto de formación profesional dual e poderán, se a empresa o considera e nas condicións que se determinen, incorporarse ao proxecto de formación profesional dual se houber algunha vacante.

#### *Disposición adicional segunda. Ordenación académica e avaliación do alumnado*

Todos os aspectos relativos á ordenación académica e á avaliación sobre formación profesional inicial non recollidos nesta orde rexeranse polas normas que con carácter xeral regulan as ensinanzas de formación profesional do sistema educativo.

#### *Disposición adicional terceira. Solicitud de admisión a ciclos formativos no prazo ordinario e simultaneamente nos proxectos de formación profesional dual*

As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os proxectos de formación profesional dual autorizados nesta orde, tamén poderán se así o desexan, realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior no réxime ordinario ou para persoas adultas, na modalidade presencial ou a distancia, no prazo ordinario de xuño e xullo de 2017. Neste caso:

- a) As persoas non seleccionadas nos proxectos de formación dual seguirán no procedemento de admisión a ciclos formativos e, de ser o caso, poderáselles adxudicar unha praza para que posteriormente realicen a matrícula nos prazos establecidos.
- b) As persoas que figuren como admitidas en calquera dos proxectos de formación dual na listaxe a que se fai referencia na alínea 1.b) do artigo 6 desta orde están a renunciar expresamente a seguir no procedemento de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario ou para persoas adultas, na modalidade presencial ou a distancia; non serán adxudicadas e non poderán formalizar matrícula ningunha nestes réximes ou modalidades.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento e execución*

Autorízanse a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptaren as medidas precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

INSÍRASE NO DOG



**ANEXO I**

**Admisión á formación profesional dual do sistema educativo**

(NON ESCRIBIR AL DORSO)

A4 (210x297) UNE

## ANEXO II

**Centros educativos, ciclos formativos e entidades colaboradoras en que se autorizan os proxectos de formación profesional dual**

| Código de Centro | Centro educativo             | Código de ciclo | Ciclo formativo  | Entidade colaboradora                              |
|------------------|------------------------------|-----------------|--|--|
| 15024513         | CIFP Someso                  | SIMP01          | Estética integral e benestar   | Arlea Hotels S.L.U.                                |
| 15027770         | IES A Sardiñeira             | SQUI02          | Química industrial   | Hijos de Rivera, S.A.U.                            |
|                  |                              | SQUI02          | Química industrial   | Repsol Petroleo, S.A                               |
| 15027897         | CIFP Paseo das Pontes        | MINA01 e MHOT02 | Panadaría, repostaría e confeitaría, e oferta parcial do ciclo de Servizos en restauración | Panadería Da Cunha, S.L                            |
|                  |                              | MTCP01          | Confección e moda  | Inditex, S.A.                                      |
|                  |                              | SHOT05 e SHOT04 | Dobre titulación en Dirección de servizos de restauración e en Dirección de cociña         | Arlea Hotels S.L.U.                                |
|                  |                              | SHOT05          | Dirección de servizos de restauración  | Paradores de Turismo de España S.A.                |
| 15005749         | IES Universidade Laboral     | SIMA03          | Mecatrónica industrial   | Hijos de Rivera, S.A.U.                            |
| 15006754         | CIFP Ferrolterra             | SIMA03          | Mecatrónica industrial   | Navantia S.A.                                      |
| 15015767         | CIFP Politécnico de Santiago | MENA01          | Redes e estacións de tratamiento de augas  | Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U |
|                  |                              | SELE01          | Sistemas electrotécnicos e automatizados   | Arlea Hotels S.L.U.                                |
|                  |                              | SIMA03          | Mecatrónica industrial   | Financiera Maderera, S.A.                          |
| 15016000         | CIFP Compostela              | SHOT01          | Xestión de aloxamentos turísticos  | Arlea Hotels S.L.U.                                |
| 15026753         | IES A Pontepedriña           | SCOM03          | Xestión de vendas e espazos comerciais   | Leroy Merlin España, S.L                           |
| 27003175         | IES Val do Asma              | SADG01          | Administración e finanzas  | Citadel (Grupo Hotusa)                             |
|                  |                              | SHOT02          | Axencias de viaxes e xestión de eventos  | Hotusa Hotel, S.A<br>Restel S.A. (Grupo Hotusa)    |
|                  |                              | SIFC03          | Desenvolvemento de aplicacións web   | Roomleader, S.A<br>IGM Web, S.L.                   |
| 27020562         | IES de Foz                   | SHOT05 e SHOT04 | Dobre titulación en Dirección de servizos de restauración e en Dirección de cociña         | Arlea Hotels S.L.U.                                |
| 27015773         | IES Muralla Romana           | SIMP01          | Estética integral e benestar   | Oca Hotels, S.L.                                   |
| 27016455         | IES Sanxillao                | MHOT01          | Cociña e gastronomía   | Oca Hotels, S.L.                                   |

| Código de Centro | Centro educativo            | Código de ciclo | Ciclo formativo  | Entidade colaboradora   |
|------------------|-----------------------------|-----------------|--|---|
| 27006966         | IES Plurilingüe San Rosendo | MAGA04          | Aproveitamento e conservación do medio natural                                     | Carronza, S.L<br>Forestal Diaz Casariego, S.L<br>Hijos de Ramon Rubal, S.L<br>Maderas Argimiro, S.L<br>Maderas Diaz Ramos, S.L<br>Maderas Masma, S.L<br>Maderas Miguez de Burela, S.L<br>Maderas Naciente, S.L<br>Maderas Patricio, S.L<br>Maderera de Cospeito, S.L<br>Obrasy Viales Teixeira, S.L<br>Maderas Villampol, S.A |
| 27020793         | CIFP Porta da Auga          | MTMV03          | Electromecánica de maquinaria  | Agro Forestal Rouco, S.L.U<br>Centro Tecnico Maquinaria Forestal, S.L<br>Dingoma, S.A<br>El Fondrigo, S.A.L<br>Logmax Iberica, S.L<br>Talleres Ramon Castro, S.L<br>Cooperativas Lácteas Unidas Clun, S.C.G   |
| 32009131         | IES Universidade Laboral    | MTMV01          | Carrozaría   | Unidad de Vehículos industriales S.A  |
| 32016285         | IES de Vilamarín            | SHOT01          | Xestión de aloxamentos turísticos  | Arlea Hotels S.L.U.   |
| 36020064         | CIFP Carlos Oroza           | SHOT01          | Xestión de aloxamentos turísticos  | Arlea Hotels S.L.U.   |
|                  |                             | SHOT05 e SHOT04 | Dobre titulación en Dirección de servizos de restauración e en Dirección de cociña | Arlea Hotels S.L.U.   |
| 36020362         | IES de Valga                | MFME02          | Soldadura e caldeiraría  | Barton Maquinaria, S.L<br>Curvados Anros, S.L<br>Fundivisa<br>Gama e Hijos, S.L.<br>Tune Eureka<br>Sistemas Tecnicos de Accesorio e Componentes, S.L.<br>Talleres Old de Carpinteria Metalica, S.L.<br>Maimbar XXI, S.L<br>Aluminios Padron, S.A.U.<br>Algofar, S.L   |
| 36013448         | CIFP Manuel Antonio         | MTCP01          | Confección e moda  | Sociedad Textil Lonia, S.A  |
| 36013771         | IES Fermín Bouza Brey       | SIMA03          | Mecatrónica industrial   | Connorsa - Conserveras del Noroeste<br>Conservas Daporta<br>Conservas Selectas de Galicia<br>Grupo Profand (Cefrico)<br>Jealsa - Rianxeira<br>Mariscos Linamar<br>Mascato Salvaterra<br>Ignacio Gonzalez Montes   |



## ANEXO III

**Plan de formación dos ciclos formativos autorizados para os proxectos de formación profesional dual**

| Código de centro | Centro           | Código de ciclo | Ciclo   | Curso       | Código de módulo | Módulo  |
|------------------|------------------|-----------------|---|-------------|------------------|---|
| 15024513         | CIFP Someso      | SIMP01          | Estética integral e benestar  | 2017 - 2018 | MP0745           | Estética hidrotermal                                  |
|                  |                  |                 |   |             | MP0746           | Depilación avanzada                                   |
|                  |                  |                 |   |             | MP0747           | Masaxe estética                                       |
|                  |                  |                 |   |             | MP0750           | Procesos fisiológicos e de hixiene en imaxe persoal   |
|                  |                  |                 |   |             | MP0751           | Dermoestética   |
|                  |                  |                 |   |             | MP0752           | Cosmética aplicada a estética e benestar              |
|                  |                  |                 |   | 2018 - 2019 | MP0744           | Aparellos de estética                                 |
|                  |                  |                 |   |             | MP0748           | Drenaxe estética e técnicas por presión               |
|                  |                  |                 |   |             | MP0749           | Micropigmentación                                     |
|                  |                  |                 |   |             | MP0753           | Tratamentos estéticos integrais                       |
|                  |                  |                 |   |             | MP0755           | Formación e orientación laboral                       |
|                  |                  |                 |   |             | MP0756           | Empresa e iniciativa emprendedora                     |
| 15027770         | IES A Sardiñeira | SQUI02          | Química industrial<br><br>Entidade colaboradora:<br>Repsol Petroleo, S.A. | 2017 - 2018 | MP0186           | Transporte de sólidos e fluídos                       |
|                  |                  |                 |   |             | MP0187           | Xeración e recuperación de enerxía                    |
|                  |                  |                 |   |             | MP0188           | Operacións básicas na industria química               |
|                  |                  |                 |   |             | MP0190           | Regulación e control de proceso químico               |
|                  |                  |                 |   |             | MP0194           | Prevención de riscos en industrias químicas           |
|                  |                  |                 |   | 2018 - 2019 | MP0185           | Organización e xestión en industrias químicas         |
|                  |                  |                 |   |             | MP0189           | Reactores químicos                                    |
|                  |                  |                 |   |             | MP0191           | Mantenemento electromecánico en industrias de proceso |
|                  |                  |                 |   |             | MP0192           | Formulación e preparación de mesturas                 |
|                  |                  |                 |   |             | MP0193           | Acondicionamento e almacenaxe de produtos químicos    |

(NON ESCRIBIR AL DORSO)

A4 (210x297) UNE

| Código de centro | Centro                | Código de ciclo | Ciclo   | Curso       | Código de módulo | Módulo  |
|------------------|-----------------------|-----------------|---|-------------|------------------|---|
|                  |                       | SQUI02          | Química industrial<br><br>Entidade colaboradora<br>Hijos de Rivera,<br>S.A.U. | 2017 - 2018 | MP0196           | Formación e orientación laboral                         |
|                  |                       |                 |   |             | MP0197           | Empresa e iniciativa emprendedora                       |
|                  |                       |                 |   |             | MP0186           | Transporte de sólidos e fluídos                         |
|                  |                       |                 |   |             | MP0188           | Operacións básicas na industria química                 |
|                  |                       |                 |   |             | MP0189           | Reactores químicos                                      |
|                  |                       |                 |   |             | MP0192           | Formulación e preparación de mesturas                   |
|                  |                       |                 |   | 2018 - 2019 | MP0194           | Prevención de riscos en industrias químicas             |
|                  |                       |                 |   |             | MP0196           | Formación e orientación laboral                         |
|                  |                       |                 |   |             | MP0185           | Organización e xestión en industrias químicas           |
|                  |                       |                 |   |             | MP0187           | Xeración e recuperación de enerxía                      |
|                  |                       |                 |   |             | MP0190           | Regulación e control de proceso químico                 |
|                  |                       |                 |   |             | MP0191           | Mantenemento electromecánico en industrias de proceso   |
|                  |                       |                 |   |             | MP0193           | Acondicionamiento e almacenaxe de produtos químicos     |
|                  |                       |                 |   |             | MP0197           | Empresa e iniciativa emprendedora                       |
| 15027897         | CIFP Paseo das Pontes | SHOT04          | Dirección de cociña   | 2018 - 2019 | MP0497           | Procesos de preelaboración e conservación en cociña     |
|                  |                       |                 |   |             | MP0499           | Procesos de elaboración culinaria                       |
|                  |                       |                 |   |             | MP0502           | Gastronomía e nutrición                                 |
|                  |                       |                 |   |             | MP0503           | Xestión administrativa e comercial en restauración      |
|                  |                       |                 |   |             | MP0504           | Recursos humanos e dirección de equipos en restauración |
|                  |                       |                 |   |             | MP0507           | Empresa e iniciativa emprendedora                       |
|                  |                       |                 |   | 2019 - 2020 | MP0498           | Elaboracións de pastelería e repostaría en cociña       |
|                  |                       |                 |   |             | MP0500           | Xestión da producción en cociña                         |
|                  |                       | SHOT05          | Dirección de servizos de restauración   | 2017 - 2018 | MP0179           | Inglés  |

| Código de centro | Centro | Código de ciclo | Ciclo             | Curso       | Código de módulo | Módulo   |
|------------------|--------|-----------------|-------------------|-------------|------------------|--|
|                  |        |                 | de restauración   |             | MP0496           | Control do aprovisionamento de materias primas                   |
|                  |        |                 |                   |             | MP0501           | Xestión da calidade, e da seguridade e hixiene alimentarias      |
|                  |        |                 |                   |             | MP0509           | Procesos de servizos en bar-cafetaría                            |
|                  |        |                 |                   |             | MP0510           | Procesos de servizos en restaurante                              |
|                  |        |                 |                   |             | MP0514           | Formación e orientación laboral                                  |
|                  |        |                 |                   | 2018 - 2019 | MP0180           | Segunda lingua estranxeira                                       |
|                  |        |                 |                   | 2019 - 2020 | MP0511           | Sommelier  |
|                  |        |                 |                   |             | MP0512           | Planificación e dirección de servizos e eventos en restauración  |
|                  |        | MHOT02          |                   | 2018 - 2019 | MP0150           | Operacións básicas en bar e cafetaría                            |
|                  |        | MINA01          |                   | 2017 - 2018 | MP0024           | Materias primas e procesos en panadaría, pastelaría e repostaría |
|                  |        |                 |                   |             | MP0025           | Elaboracións de panadaría e bollería                             |
|                  |        |                 |                   |             | MP0026           | Procesos básicos de pastelaría e repostaría                      |
|                  |        |                 |                   |             | MP0030           | Operacións e control de almacén na industria alimentaria         |
|                  |        |                 |                   |             | MP0031           | Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos                |
|                  |        |                 |                   |             | MP0033           | Formación e orientación laboral                                  |
|                  |        |                 |                   | 2018 - 2019 | MP0027           | Elaboracións de confeitaría e outras especialidades              |
|                  |        |                 |                   |             | MP0028           | Sobremesas en restauración                                       |
|                  |        |                 |                   |             | MP0029           | Produtos de obradoiro  |
|                  |        |                 |                   |             | MP0032           | Presentación e venda de produtos de panadaría e pastelaría       |
|                  |        |                 |                   |             | MP0034           | Empresa e iniciativa emprendedora                                |
|                  |        | MTCP01          | Confección e moda | 2017 - 2018 | MP0264           | Moda e tendencias  |
|                  |        |                 |                   |             | MP0267           | Corte de materiais   |
|                  |        |                 |                   |             | MP0269           | Confección industrial  |

| Código de centro | Centro                   | Código de ciclo | Ciclo  | Curso       | Código de módulo | Módulo  |
|------------------|--------------------------|-----------------|--|-------------|------------------|---|
|                  |                          | SHOT05          | Dirección de servizos de restauración<br><br>Entidade colaboradora:<br>Paradores de Turismo de España S.A. | 2018 - 2019 | MP0271           | Información e atención á clientela                              |
|                  |                          |                 |  |             | MP0272           | Formación e orientación laboral                                 |
|                  |                          |                 |  |             | MP0275           | Materiais téxtils e pel   |
|                  |                          |                 |  |             | MP0116           | Principios de mantemento electromecánico                        |
|                  |                          |                 |  |             | MP0265           | Patróns   |
|                  |                          |                 |  | 2017 - 2018 | MP0268           | Confección á medida   |
|                  |                          |                 |  |             | MP0270           | Acabamentos en confección                                       |
|                  |                          |                 |  |             | MP0273           | Empresa e iniciativa emprendedora                               |
|                  |                          |                 |  |             | MP0179           | Inglés  |
|                  |                          |                 |  |             | MP0496           | Control do aprovisionamento de materias primas                  |
|                  |                          |                 |  | 2018 - 2019 | MP0501           | Xestión da calidade, e da seguridade e hixiene alimentarias     |
|                  |                          |                 |  |             | MP0502           | Gastronomía e nutrición   |
|                  |                          |                 |  |             | MP0509           | Procesos de servizos en bar-cafetaría                           |
|                  |                          |                 |  |             | MP0510           | Procesos de servizos en restaurante                             |
|                  |                          |                 |  |             | MP0180           | Segunda lingua estranxeira                                      |
| 15005749         | IES Universidade Laboral | SIMA03          | Mecatrónica industrial   | 2017 - 2018 | MP0503           | Xestión administrativa e comercial en restauración              |
|                  |                          |                 |  |             | MP0504           | Recursos humanos e dirección de equipos en restauración         |
|                  |                          |                 |  |             | MP0511           | Sommelier   |
|                  |                          |                 |  |             | MP0512           | Planificación e dirección de servizos e eventos en restauración |
|                  |                          |                 |  |             | MP0514           | Formación e orientación laboral                                 |
|                  |                          |                 |  |             | MP0515           | Empresa e iniciativa emprendedora                               |
|                  |                          |                 |  |             | MP0937           | Sistemas eléctricos e electrónicos                              |
|                  |                          |                 |  |             | MP0938           | Elementos de máquinas   |
|                  |                          |                 |  |             | MP0939           | Procesos de fabricación   |
|                  |                          |                 |  |             | MP0940           | Representación gráfica de sistemas mecatrónicos                 |

| Código de centro | Centro                       | Código de ciclo | Ciclo                                    | Curso       | Código de módulo | Módulo  |
|------------------|------------------------------|-----------------|--|-------------|------------------|---|
|                  |                              |                 |  |             | MP0946           | Formación e orientación laboral                             |
|                  |                              |                 |  | 2018 - 2019 | MP0935           | Sistemas mecánicos  |
|                  |                              |                 |  |             | MP0936           | Sistemas hidráulicos e pneumáticos                          |
|                  |                              |                 |  |             | MP0941           | Configuración de sistemas mecatrónicos                      |
|                  |                              |                 |  |             | MP0942           | Procesos e xestión de mantemento e calidade                 |
|                  |                              |                 |  |             | MP0943           | Integración de sistemas                                     |
|                  |                              |                 |  |             | MP0944           | Simulación de sistemas mecatrónicos                         |
